

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

Resolución do 4 de xuño de 2009, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o acceso á categoría 063 (oficial 1ª condutor/a//condutores/as 1ª e outros) do grupo III de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, pola quenda de promoción interna e cambio de categoría, pola que se fai pública a data, a hora e o lugar de realización do primeiro exercicio da fase de oposición dun aspirante.

En sesión que tivo lugar o día 4 de xuño de 2009, o tribunal nomeado pola Orde do 29 de outubro de 2008 para cualificar o proceso selectivo para o acceso á categoría 063 (oficial 1ª condutor/a//condutores/as 1ª e outros) do grupo III de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia pola quenda de promoción interna e cambio de categoría convocado pola orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 21 de febreiro de 2006 (DOG nº 61, do 28 de marzo), modificada pola Orde do 17 de abril de 2008 (DOG nº 78, do 23 de abril)

ACORDOU:

Primeiro.-Convocar a Ángel Casas Pérez para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición do proceso selectivo para o acceso á categoría 063 (oficial 1ª condutor/a//condutores/as 1ª e outros) do grupo III de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, quenda de promoción interna e cambio de categoría, o día 25 de xuño de 2009, na sala G do edificio central do complexo administrativo de San Caetano, en Santiago de Compostela, ás 16.15 horas.

A dita convocatoria efectúase por instancia da Dirección Xeral da Función Pública e a teor da Resolución do 5 de maio de 2009, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se modifica a Resolución do 24 de xullo de 2008, pola que se aproban e se fan públicas as relacións definitivas de admitidos e excluídos ao proceso selectivo pola quenda de promoción interna e cambio de categoría, ditada en cumprimento da sentenza do Xulgado do Social número dous de Ourense na demanda número 1037/08, presentada por Ángel Casas Pérez e do auto de execución provisional desta.

O aspirante deberá ir provisto de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a suízo do tribunal, e dun bolígrafo.

Non se permitirá o acceso ao recinto onde se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas ou calquera outro instrumento de que se poida valer o aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará no recinto ningún servizo de recollida de móbiles.

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2009.

Pedro Vila López
Presidente do tribunal

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Resolución do 9 de xuño de 2009, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se nomea o tribunal que deberá xulgar a proba de acreditación de coñecemento de lingua galega no proceso selectivo para ingreso no corpo de mestres, así como a adquisición de novas especialidades convocado pola Orde do 8 de maio de 2009 (Diario Oficial de Galicia do 11 de maio).

En cumprimento do sinalado na Orde do 8 de maio de 2009 (DOG do 11 de maio) pola que se convoca procedemento selectivo para ingreso no corpo de mestres, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

RESOLVE:

Primeiro.-Nomear o tribunal que figura no anexo desta resolución, ante o que deberán actuar os aspirantes admitidos e que deban facer a proba de coñecemento da lingua galega.

Segundo.-No *Diario Oficial de Galicia* publicarase a resolución do tribunal pola que se citan os opositores para a realización da proba de coñecemento da lingua galega.

Terceiro.-Cando se dea o caso de imposibilidade material para poder efectuar nun só local e a unha mesma hora algunha das probas simultáneas deste proceso selectivo, debido ao elevado número de aspirantes que deban actuar, poderán efectuarse por grupos en locais distintos, ben que deberán realizarse á mesma hora e día sinalados para o efecto.

Cuarto.-Quedan autorizadas as comisións de servizos dos membros dos tribunais que necesiten desprazarse da súa residencia oficial para o exercicio de tal función, tendo dereito a percibir axudas de custo e gastos de viaxes de acordo coa lexislación vixente. Os medios de locomoción utilizables serán calquera dos previstos no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, debendo entenderse que queda expresamente autorizada a utilización de vehículos propios, de acordo co citado decreto.

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2009.

José Manuel Pinal Rodríguez
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

ANEXO

Tribunal único. Santiago de Compostela.

Titulares:

Presidente/a titular: Xesús Pablo González Moreiras.

Vogal titular 1: Barreiro Otero, María Luz.

Vogal titular 2: Gulías Troitíño, Xoán Carlos.

Vogal titular 3: Feijoo Pazos, Rosa Mari.

Vogal titular 4: Egea Lapina, Enrique.

Suplentes:

Presidente/a suplente: Modesto Hermida García.
 Vogal suplente 1: Sánchez López, María del Carmen.
 Vogal suplente 2: Vázquez López, Jesús Fernando.
 Vogal suplente 3: Paz Veres, Araceli.
 Vogal suplente 4: Varela Suances-Carpegna, Álvaro.

Resolución do 9 de xuño de 2009, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se fai pública a lista provisional dos opositores que deberán realizar a proba de acreditación do coñecemento de lingua galega, no procedemento selectivo de ingreso no corpo de mestres.

Existen opositores que, estando admitidos no procedemento selectivo para ingreso no corpo de mestres, deben realizar a proba de coñecemento de lingua galega de acordo coa base sétima da citada orde,

A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

DISPÓN:

Primeiro.-Facer pública a lista provisional de opositores que deberán realizar a proba de lingua galega do procedemento selectivo para ingreso ao corpo de mestres que figuran no anexo desta resolución.

Segundo.-Recórdase que a data da proba de lingua galega será o día 23 de xuño de 2009, segundo a Resolución do 9 de xuño de 2009 e que a dita proba é eliminatória.

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2009.

José Manuel Pinal Rodríguez
 Director xeral de Centros e Recursos Humanos

ANEXO

Nº	Apelidos e nome	DNI/NIE/...
1	Abelleira Pequeño, Mª José	76360940-C
2	Arias Hermida, Laura Verónica	33539049-N
3	Barca Pérez, Soraya	72127460-N
4	Barreiro Pazos, Carlos Humberto	44087191-D
5	Carballo Castro, Miguel	44448441-K
6	Cougil Hermida, Francisco	34964513-M
7	Creixell Rigol, Meritxell	36527529-X
8	Davila Giráldez, Carolina	35563823-G
9	Espinosa González, José Luis	04213614-Z
10	Estévez Coronado, Laura	02278039-G
11	Fenández del Campo Carranza, Florencia	72256015-C
12	Fernández Dorrio, Vera Lucia	35288069-C
13	Fernández Rodríguez, Beatriz	50732250-T
14	Franco Arias, Javier	53493834-C
15	Garca Egido, José	70865992-W
16	Garca Gómez, Ruth	72488133-E
17	Garca Pérez, Cristian	71516838-V
18	Gómez Gómez, Diego	44453827-W
19	González Garca, Iván	09795965-N

Nº	Apelidos e nome	DNI/NIE/...
20	González González, Ana	76944752-T
21	González González, Miguel	35548188-D
22	González Rodríguez, Lucía	44468642-M
23	Gutiérrez Torre, Lara Pilar	72093417-D
24	Iglesias Álvarez, Eva	52938576-M
25	Janeiro Chacón, Jenith Mar	77477452-C
26	Jiménez Iglesias, José Manuel	48913732-T
27	Lindahl , Malin Gerda Sigrid	X3313461-N
28	López Martínez, Vanesa	15485147-Y
29	López Peón, Mercedes	33849243-M
30	Lorenzo López, Patricia	44485540-K
31	Lugilde Díaz, Noemí	33547979-H
32	Otero Fernández, Celia	36035916-E
33	Otero Seara, Marfa del Carmen	44075081-C
34	Peetermans , David	X6039618-W
35	Pereiro Fernández, Judith	76939872-L
36	Portela Fontán, Iván Benito	35321510-L
37	Quiroga Fraga, Luz	32427341-D
38	Ruibal Villar, Marfa del Carmen	35440046-J
39	Santos Sousa, Judith	33542145-A
40	Soto Groba, Roberto	35550901-P
41	Torres Jaramillo, Mª Elena	05668013-P
42	Vázquez Acuña, Estrella	36169616-T
43	Vázquez Toja, Manuel	32428960-H
44	Veiga Ojea, Estefanía	36159144-Q
45	Vicente Núñez, Marfa Pilar	36020970-A
46	Villar Lima, Edelmiro	35280681-S
47	Vispo Blanco, Marfa José	43677009-D
48	Zaera Pérez, Marfa Mercedes	33222193-G

Resolución do 9 de xuño de 2009, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se fan públicas as listas provisórias de admitidos e excluídos do proceso selectivo para ingreso no corpo de mestres, así como a adquisición de novas especialidades.

Para dar cumprimento na forma máis adecuada ao disposto na base cuarta da Orde do 8 de maio de 2009 (DOG do 11 de maio) pola que se convocan probas selectivas para ingreso no corpo de mestres así como a adquisición de novas especialidades, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

RESOLVE:

Primeiro.-Facer pública no anexo I a relación de aspirantes admitidos que solicitaron tomar parte no mencionado proceso selectivo.

Segundo.-Declarar excluídos, polas causas que se especifican, os aspirantes que figuran no anexo II.

Terceiro.-No prazo de 5 días naturais desde o seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* desta resolución, os interesados poderán interpoñer as reclamacións previstas no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, de acordo co disposto na base cuarta, punto 2, da orde de convocatoria.